

# VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

ACCESIT GALEGO PARA XAVIER LAMA

## A pontevedresa Luz Pichel González gaña o XXVI Esquíu de Poesía

*Casa pechada*, de Luz Pichel González, foi o poemario gañador do primeiro premio de poesía galega no XXVI Premio Esquíu, fallado o xoves 19 de outubro na Fundación Caixa Galicia ferrolá. O accésit foi para Xavier Lama López, con *Tigres como fausto con ollos de bruma*. En canto ao premio de poesía castelá, foi para *Veintiocho cantos augurales*, do barcelonés José Luís Giménez Frontín. Levou o accésit nesta categoría *Meldegar*, de Jesús Aguilar Marina (Alcorcón).

- 15:56 20/10/2006

Luz Pichel González (Alén, Pontevedra, 1947) imparte clases de lingua e literatura castelás no instituto Ágora de Alcobendas. Xa gañara o Premio Hispanoamericano de Poesía Juan Ramón Jiménez 2004 polo seu *La marca de los potros*, que editou a Deputación de Huelva, e mailo Premio de Poesía Ciudad de la Palma con *El pájaro mudo*, 1990. Tamén ten publicados *Bestiario de alén*, e a recopilación *El pájaro mudo y otros poemas*, editado pola Universidade Popular José Hierro de San Sebastián de los Reyes, no 2004, no que se recollen, ademais do sue primeiro libro, *Ángulo de la niebla*, *Las cartas de la mujer insomne* e máis *Hablo co quien quiero*.

Ademais, o xornalista Xavier Lama (Guntín, Lugo, 1962) levou o accésit con *Tigres como fausto con ollos de bruma*. O poeta, se cadra máis coñecido por porlle voz e rostro aos informativos da TVG, levou o Premio Galicia de Comunicación no 89. En canto á súa produción literaria, gañou en 1993 o premio Camiño de Santiago polo texto dramático *O peregrino errante que cansou ó demo* e en 1995 o premio Rafael Dieste por *O serodio remordemento do amor*. Xunto a Quico Cadaval escribiu *Memoria de Antígona*. Como poeta é autor de *O fotógrafo Helmut Newton ten unha visión da eternidade*. Coa súa primeira entrega narrativa, *Os moradores da nada*, obtivo o premio Álvaro Cunqueiro de 1995.

En canto ao premio de poesía castelá, foi para José Luis Giménez Frontín (Barcelona, 1943), quen xa fora galardoado no 81 e no 91 co Premio Ciutat de Barcelona de literatura en lingua castelá. A súa escrita abrangue todos os xéneros: ensaística (*Seis ensayos heterodoxos*, Mandrágora, 1976, *El surrealismo*, Dopesa, 1978 e *Teatro-Museu Dalí*, Tusquets-Electa, 1994); narrativa (*Justos y benéficos*, Seix Barral, 1989, *Señorear la tierra*, Seix Barral, 1991, ou *La otra casa*, Destino, 1997, son algúns dos seus títulos máis recentes); autobiografía (*Woodstock Road en julio: notas y diario*, Pamiela, 1996), e a literatura infantil e xuvenil. Os seus primeiros títulos como poeta foron recollidos por Pilar Gómez Bedate en *Astrolabio*, 1972-1988 (Pamiela, 1989). Despois publicou *Que no muera ese instante*, Lumen, 1993, *El*

*ensayo del organista*, Lumen, 1999, e *Zona cero*, Emboscalleditorial, Vic, 2003. É ademais membro de ACEC e de AICA.

Por último, mereceu o accésit Jesús Aguilar Marina con *Meldegar*. O autor, nado en Alcorcón no 1945, xa publicara *La luz de los pantanos*, Juan Ramón Jiménez no 2002, ou *El jinete nocturno* (Sevilla, Algaida, 2001), e as autoedicións *La soledad de los caminos* e *Horizontes agotados*.

No xurado participaron persoeiros como Julia Uceda Valiente, poeta e crítica literaria, Premio Nacional de Poesía 2003, para a poesía en castelán, ou os poetas e críticos literarios Xulio López Valcárcel e Vicente Araugas Álvarez. Despois da entrega de premios, falta agardar pola edición das obras, que será en decembro.